

EXPTE.: 20/2016 – “ORQUESTAS DAS FESTAS PATRONAIS DE SANTA ROSALÍA E O CARMEN 2016”.

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO “TERRA DE SANXENXO”

Tramitado o expediente de contratación para as “ORQUESTAS DAS FESTAS PATRONAIS DE SANTA ROSALÍA E O CARMEN 2016”, e atopándose en fase previa á adxudicación do contrato.

Requirida a documentación á mercantil “EURO ESPECTÁCULOS MONTERO SL”, que obtivo a maior puntuación, de acordo ao disposto no informe de valoración emitido ao respecto pola técnica de cultura, Dona María Eugenia Gonzaga Alonso, o 22 de agosto de 2016, e concluída a fase de negociación sinalada na cláusula 10ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, foi presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, en data 24 de agosto de 2016.

Vista a documentación, compróbase que a mesma reúne as condicións establecidas na cláusula 11ª do prego administrativo.

En base ao anteriormente exposto, e previa fiscalización da Intervención Xeral de data 23 de agosto de 2016, emitida en senso POSITIVO, e condicionada a que a documentación presentada reunise o disposto no prego de cláusulas administrativas que rexe este contrato, **esta Presidencia, en uso das súas atribucións, Resolve:**

Primeiro: Adxudicar o contrato de “ORQUESTAS DAS FESTAS PATRONAIS DE SANTA ROSALÍA E O CARMEN 2016”, á mercantil “EURO ESPECTÁCULOS MONTERO SL”, polo prezo de VINTE E DOUS MIL EUROS (22.000,00) sen IVE, conforme ao prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas polas que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario.

Segundo: Debe procederse a formalización en documento administrativo do contrato respectivo dentro dos QUINCE (15) DÍAS HÁBILES seguintes ao da notificación da presente resolución de adxudicación ao adxudicatario, conforme o sinalado na cláusula 13ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro: O acordo de adxudicación notificarase ao licitador e, de forma simultánea, publicarase no perfil de contratante, de acordo co sinalado na cláusula 12ª do prego que rexe este contrato.



Cuarto: Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar que as plicas presentadas e admitidas para optar a esta contratación, foron as seguintes, e acadaron as puntuacións que de seguido se reflicten, en orden descendente, unha vez concluída a fase de negociación sinalada na cláusula 10ª do Prego de cláusulas administrativas particulares:

- 
- **Plica nº UN:** Presentada por Don José Manuel Montero Rivera, en representación da empresa **EURO ESPECTÁCULOS MONTERO SL**, de Vigo, **que acadou a maior puntuación, 70,58 puntos**, xa que de conformidade co informe técnico de data 22 de agosto de 2.016, obrante no expediente, se lle outorgou unha puntuación de 45,00 puntos pola memoria descritiva da actividade e características das orquestras ofertadas, aspecto a valorar dependente de xuízo de valor, e unha puntuación respecto a oferta económica, ou prezo de 25,58 puntos, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada a fórmula prevista na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares.
 - **Plica nº DOUS:** Presentada por Don Victor Antón Rodríguez, en representación da mercantil **LESODA SL**, de Poio, **que acadou a segunda maior puntuación, 69,58 puntos**, xa que de conformidade co informe técnico de data 22 de agosto de 2.016, obrante no expediente, se lle outorgou unha puntuación de 44,00 puntos pola memoria descritiva da actividade e características das orquestras ofertadas, aspecto a valorar dependente de xuízo de valor, e unha puntuación respecto a oferta económica, ou prezo de 25,58 puntos, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada a fórmula prevista na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares.
 - **Plica nº TRES:** Presentada por Don Andrés Chan Salgueiro, en nome propio, **que acadou a terceira maior puntuación, 68,87 puntos**, xa que de conformidade co informe técnico de data 22 de agosto de 2.016, obrante no expediente, se lle outorgou unha puntuación de 42,00 puntos pola memoria descritiva da actividade e características das orquestras ofertadas, aspecto a valorar dependente de xuízo de valor, e unha puntuación respecto a oferta económica, ou prezo de 26,87 puntos, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada a fórmula prevista na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares.
 - **Plica nº CATRO:** Presentada por Don Félix Cabodevila Fernández, en representación da mercantil LUCUS ART SL "MUSICALIA" de Lugo, **que acadou a cuarta maior puntuación, 49,68 puntos**, xa que de conformidade co informe técnico de data 22 de agosto de 2.016, obrante no expediente, se lle outorgou unha puntuación de 42,00 puntos pola

memoria descriptiva da actividade e características das orquestras ofertadas, aspecto a valorar dependente de xuízo de valor, e unha puntuación respecto a oferta económica, ou prezo de 7,68 puntos, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada a fórmula prevista na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas.

Dada en Sanxenxo a vinte e catro de agosto de dous mil dezaseis.

O presidente de Terra


Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario accidental de Terra


Celestino Otero Camiña